

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

INFORMACIÓN PÚBLICA

ANUNCIO

Horticina S.A., con NIF A15776842, solicita de Augas de Galicia a modificación da concesión dun caudal de 20.700 m³/ano, procedente de tres pozos, situados na parcela con referencia catastral 15025A059002710000BF, no lugar de Alto da Mina, parroquia de A Barqueira (Santo Antonio), no t.m. de Cerdido, (A Coruña), con destino a uso de rega. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o artigo 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A15.84294.

As características do aproveitamento modificado son:

SOLICITANTE:	Horticina S.A.
CAUDAL:	37.280,886 m ³ /ano
DESTINO:	Rega dunha explotación de arándanos
ORIXE:	Tres pozos e augas de choiva e de escorrentas recollidas en balsas
LUGAR:	Alto da Mina
PARROQUIA:	A Barqueira (Santo Antonio)
CONCELLO:	Cerdido

Descrición:

As augas de chuvia e escorrenta almacénanse en 4 balsas:

Balsas existentes autorizadas:

- Balsa en formigón 50 x 13 x 3 metros 3 capacidade 1.800 m³
- Balsa a base de xeotéxtil PP 200 gr/m² con fines illantes no chane, sobre a mesma unha xeomembrana PEAD 1,5 mm, coas seguintes dimensións 67 x 62 x 4 metros e capacidade 16.616 m³.

Balsas existentes a legalizar:

- Balsa a base de xeotéxtil PP 200 gr/m² con fines illantes no chan, sobre a mesma unha xeomembrana PEAD 1,5 mm, cunha profundidade de 4 metros e capacidade total de 8.490 m³.

Nova balsa a construír:

- Balsa a base de xeotéxtil PP 200 gr/m² con fines illantes no chan, sobre a mesma unha xeomembrana PEAD 1,5 mm, cunha profundidade máxima de 3 metros, pendente noiro H1,5/V1, anchura de coronación 4 metros e capacidade total de 14.712 m³.



Nos meses nos que as augas das balsas non sexan suficientes para a rega da explotación, recorrerase ó bombeo desde os pozos cara á balsa de regulación (a de maior capacidade) para a rega por goteo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Cerdido ou nas oficinas deste servizo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no enderezo electrónico dgn.augas@xunta.gal.

A Coruña, o xefe do servizo territorial

Néstor Rodríguez Arias (sinatura dixital)

